



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO. SERVIZO DE TURISMO

Anuncio

ACORDO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS "LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE", DO "PREMIO TURISMO SOSTIBLE" E DOS PREMIOS "...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE" (ANUALIDADE 2022)

Con data 16 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión dos premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense", do "Premio Turismo Sostible" e do Premio "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense" para a anualidade 2022. Para dar cumprimento a ditoacordo, así como ao establecido nas bases da convocatoria destes premios, publicadas no BOP nº 74 de 31 de marzo de 2022, dáse publicidade das candidaturas galardoadas e da candidatura desestimada no Boletín Oficial da Provincia:

CANDIDATURAS GALARDOADAS:

- Premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense":
 - Asociación de Veciños e Veciñas de Vilachá de Salvador.
 - Ruta da Faba de Lourenzá.
 - Fundación Xosé Soto de Fión.
- Premio Turismo Sostible:
 - Glamping Cabana das Chousas
- Premios "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense":
 - Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida de San Simón da Costa.
 - Feira do Butelo da Fonsagrada
 - Festa da merluza do pincho de Celeiro.

CANDIDATURA DESESTIMADA:

- Champivil SL por non cumprir o requisito sinalado no punto oitavo das bases reguladoras e por non atender ao requerimento notificado con data 14 de xullo de 2022.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo. En caso de optar polo recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 16 de setembro de 2022.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón, O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2673

CONCELLOS**BÓVEDA***Anuncio*

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante Resolución da Alcaldía núm. 2022-0499, de data 20 de setembro de 2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Bóveda para o ano 2022, que comprende as prazas de persoal laboral fixo e funcionario de carreira, dotadas orzamentariamente, e que se relacionan a continuación:

Núm. vacantes	Denominación	Escala/Subescala	Grupo	Tipo de persoal	Sistema de acceso
1	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	Escala de Administración Xeral	A2	Persoal laboral fixo	Concurso - oposición libre
1	Operario de servizos múltiples	Persoal de oficios	AP	Persoal laboral fixo	Concurso - oposición libre
1	Administrativo-Adxunto de Intervención	Escala de Administración xeral	C1	Funcionario de Carreira	Concurso - oposición libre

Bóveda, a 20 de setembro do 2022.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2680

CASTROVERDE*Anuncio*

Que pola xunta de goberno celebrada o día 16 de setembro ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2022, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuintes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 16 de setembro de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2674

GUITIRIZ*Anuncio*

Data, hora e lugar de realización da primeira proba da fase de oposición para a selección de 2 funcionarios/as administrativos/as de Administración Xeral (C1) mediante oposición libre. Expte: 578/2021.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz ditou resolución de data 15/09/2022 onde se establece a data, hora e lugar de realización da primeira proba da fase de oposición (exame teórico tipo test) do proceso para a selección mediante oposición libre de dous funcionarios/as de carreira administrativos/as de administración xeral:

- Lugar: Pavillón Municipal "Jonathan Carro" sito a Rúa do Carmen (Guitiriz - Lugo)
- Día: Domingo, 30/10/2022
- Hora: 17:00 horas.

Guitiriz, 16 de setembro de 2022.- A Alcaldesa, MarisolMoradeiraMorandeira.

R. 2675

LUGO*Anuncio***Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 7845/2022 de 2 de agosto, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de XULLO de 2022, que se expoñen ao público no Servizo de Servizo Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 16 de agosto ata o día 16 de setembro de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 3 de agosto de 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 2695

*Anuncio***Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 8698/2022 de 6 de setembro, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de AGOSTO de 2022, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 14 de setembro ata o día 14 de outubro de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 3 de agosto de 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 2696

OUTEIRO DE REI*Anuncio*

Aprobados inicialmente os Padróns do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Urbana, Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Rústica e Imposto sobre Actividades Económicas deste Concello, correspondentes ao ano 2022, dispónse o sometemento a exposición pública, polo prazo de 15 días hábiles dende o seguinte á

publicación deste anuncio. De non presentarse alegacións no período de exposición pública, entenderanse aprobados definitivamente os indicados Padróns.

De conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recaudación, faise público o período voluntario de cobranza.

1. Importe do Padrón de Bens inmobles de natureza Urbana: 1.094.686,96 euros
2. Importe do Padrón de Bens inmobles de natureza Rústica: 38.429,82 euros
3. Importe do Padrón de Actividades Económicas: 133.710,43 euros
4. O período de recadación en voluntaria realizarase entre o 3 de outubro e o 2 de decembro de 2022.

O pago poderá efectuarse na entidade colaboradora Abanca.

Os recibos domiciliados serán cargados directamente nas contas sinaladas polos contribuíntes.

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio, e devengarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Réxime de recursos: Conforme ao disposto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do Padrón. Devandito recurso entenderase desestimado se non recaese resolución expresa no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa presentación. Contra a resolución do Recurso de Reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado competente do Contencioso-Administrativo nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non poderá compaxinarse a interposición de ambos recursos.

Outeiro de Rei, 16 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2677

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de setembro de 2022, aprobáronse as bases e a convocatoria para a contratación laboral de un tractorista e a creación de bolsa de emprego. As bases reguladoras estarán expostas na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. Dada a urxencia da contratación, o prazo de presentación de solicitudes será de **3 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 23 de setembro de 2022.- O Alcalde - Lino Rodríguez Ónega.

R. 2731

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 16 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

1º) Prestarlle aprobación ao Padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2022.

2º) Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3º) Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguinte recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

4º) A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

5º) A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 16 de setembro 2022.- O alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2678

O VICEDO

Anuncio

ASUNTO.- Corrección de erro advertido en anuncio remitido ó BOP de Lugo de data 20 de setembro de 2022, relativo á aprobación da relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para a selección de persoal funcionario para dar cobertura a unha praza de auxiliar administrativo de administración xeral, vacante no cadro de persoal da Corporación.

Téndose advertido erro no anuncio remitido ó Boletín Oficial de Provincia de Lugo, de data 20 de setembro de 2022, referente á aprobación da relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para a selección de persoal funcionario para dar cobertura a unha praza de auxiliar administrativo de administración xeral, vacante no cadro de persoal da Corporación, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procédese á súa corrección, de tal xeito que,

Onde di:

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
Adega Bellas, Víctor Manuel	***6383**	(*)
Carballal Sánchez, María	***3714**	(**)
Irigoyen Vázquez, Sergio	***5547**	(**)
Méndez Rodríguez, Alicia Isabel	***9485**	(***)
Quelle Aramburo, María	***9418**	(**)
Rebolo Magariños, David	***9402**	(***)
Rodríguez Cabañas, Miguel	***3652**	(****)

Debe dicir...

Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
Adega Bellas, Víctor Manuel	***6383**	(*)
Carballal Sánchez, María	***3714**	(**)
Irigoyen Vázquez, Sergio	***5547**	(**)
Méndez Rodríguez, Alicia Isabel	***9485**	(***)
Quelle Aramburo, María	***9418**	(**)
Rebolo Magariños, David	***9402**	(***)
Rodríguez Cabañas, Miguel	***3652**	(****)

(*) Anexo II (solicitud) incompleto

(**) Solicitud presentada fóra de prazo

(***) Fotocopia DNI incompleta

(****) Falta anexo II (solicitud)

O Vicedo, 22 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2713

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de setembro de 2022, aprobou inicialmente o expediente nº 12/22 de modificación de créditos do presuposto municipal de 2022. Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 22 de setembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2714
